



E D I C T O                    D E                    C O B R A N Z A

DON SENEN POUSA SOTO, TESOUREIRO DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO RIBEIRO (OURENSE),

F A I        S A B E R:

Que durante o período comprendido entre os días 18 de xuño e 19 de agosto, ambos inclusive, estarán ao cobro, en período voluntario, os recibos de:

IMPOSTO SOBRE BENS INMUEBLES e DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS do ano 2013 dos Concellos que teñen delegado o cobro nesta Mancomunidade.

Os contribuíntes recibirán no seu domicilio recibo-resguardo de aboamento, co que deberá presentarse en calquera oficina de NovaGalicia Banco en período comprendido entre o día 18 de xuño e o día 19 de agosto, ambos inclusive, en días hábiles, e en horario que estableza a entidade, advertíndolle que, caso de non facelo, se procederá o seu cobramento por vía executiva, co 20% de recarga de prema e intereses de demora, e, no seu caso, as custas que se produzan.

En caso de que algún contribuínte non reciba no seu domicilio o recibo-resguardo de aboamento para poder efectuar o pagamento do imposto poderá, dentro do período anteriormente mencionado, retiralo na oficina de recadación da Mancomunidade, sita na Praza Maior de Ribadavia, onde existe un duplicado dos mesmos, advertíndolle que o feito de non telo recibido, non o exime da obriga de efectuar o pagamento dentro do período voluntario de cobranza, sempre que figure como contribuínte na respectiva lista cobratoria.

O que se fai público para xeral coñecemento, en Beade, a vinteoito de maio de dous mil trece.